

CAMIÑEMOS XUNTOS



Campaña de persoas sen fogar 2024

MANIFESTO

Campaña "Ninguén sen Fogar" 2024
Cáritas Diocesana de Lugo

CAMPAÑA “NINGUÉN SEN FOGAR” 2024

MANIFESTO

“NINGUÉN SEN FOGAR” 2024

Na campaña deste ano queremos iniciar un camiño.

Un camiño para combater o senfogarismo!

Un camiño que non podemos facer sós, soas. Necesitamos a implicación e o compromiso de toda a sociedade e das administracións.

Queremos ser voz e altofalante das persoas que sufrimos a forma de exclusión residencial máis severa e poñer de manifesto unha vez máis, que non é un problema individual, senón que concirne a toda a sociedade.

A crise da vivenda e a xentrificación obríganos a vivir na incerteza: Alugueiros insostibles, falta de vivenda pública e de protección social, o que ocasiona a expulsión dos nosos veciños e veciñas e achéganos un pouco máis a poder sufrir unha situación de senfogarismo.

En España, na actualidade, hai miles de Persoas en Situación de Sen Fogar, unha cifra indecente, cando sabemos que hai 4 millóns de vivendas baleiras. Un absurdo, que fai que sintamos desprotección ante a lei, xa que se vulneran constantemente os nosos dereitos fundamentais.


Cando nos negan o dereito a unha vivenda digna, tamén se vulnera todos os nosos dereitos. Xa que vulnerar un implica vulnerar outro.

Se non temos acceso a unha vivenda digna e segura temos dificultades para ter e manter un emprego, para empadroarnos, para acceder a prestacións e deteriora a nosa saúde física e mental.

A falta de recoñecemento e protección dos nosos dereitos básicos íllanos da sociedade e nos fai invisibles.

Fai que nos sintamos en soidade, con medo e vergoña, perdidos e perdidas, que sintamos rexeitamento, tristeza e sen orientación neste camiño cheo de pedras e dificultades.

Somos persoas en situación de senfogarismo, cada unha de nós está a percorrer un longo camiño de encontro cara á inclusión



efectiva na sociedade, cara ao logro das nosas metas, cara á mellora das nosas vidas e das comunidades que nos arroupan.

Temos tanto que achegar: queremos axudar e ser útiles, devolvendo con fartura o que recibimos, a través da nosa sabedoría, coñecementos, experiencias, capacidades e valores.

O noso corazón está aberto a quen o poida necesitar, con todo o afecto, agarimo e comprensión para acoller e acompañar a quen nos atopamos neste camiño.

Queremos poñer todo da nosa parte: dúas mans, novas ideas, esforzo, vontade e ganas para mellorar, colaborando no crecemento e o desenvolvemento das comunidades das que formamos parte.

Somos persoas en situación de senfogarismo, percorrendo un camiño que temos que facer xuntas, para que ninguén quede atrás, porque nos necesitamos unhas a outras para chegar ao noso destino.

É por iso que che pedimos que nos acompañes, que andes ao noso lado e que contes connosco: pedímosche o teu apoio, que nos vexas con respecto, que nos mires desde a empatía, con confianza e comprensión, desde a proximidade e a humanidade.

Pedímosche que nos deas a oportunidade de formar parte de algo máis grande que nos une, de desenvolver todo o noso potencial humano, de ser cidadanía.

Ás institucións pedímoslles apoio para conseguir os nosos obxectivos: respecto e garantía de que podamos exercer os nosos dereitos, facilitar o acceso a vivendas dignas e alcanzables, regularización da situación administrativa das persoas migrantes, igualdade de oportunidades, para a formación e para poder contar con empregos dignos.

Somos homes e mulleres, novas, persoas migrantes, persoas con discapacidade, traballadores pobres, que chegamos ata aquí desde diferentes lugares e circunstancias, cuxa maior motivación é continuar avanzando, afrontando os obstáculos e as dificultades que nos afectan, avanzando neste camiño cara a unha vida que mereza a pena ser vivida.

Para iso necesitamos que os condicionantes sociais sexan favorables e que se atendan as nosas demandas, que nos mires, que nos apoies e que nos acompañes neste camiño.

BO CAMIÑO!

